

Ola familias,

Esperamos que todos e todas sigades ben.


Para esta semana na que comeza o mes de xuño, propoñémosvos facer unhas actividades para celebrar o **DÍA DO MEDIO AMBIENTE**, que é o 5 de xuño.

É importante concienciar aos menos e nenas da importancia que ten respectar a natureza e coidala a través de acción que sexan boas para ela. Por iso, a continuación vos explicamos algunhas actividades interesantes para levar a cabo.

- **A importancia de reciclar.** Seguindo a regra das 3 “R” (reducir, reutilizar y reciclar), podemos crear as nosas propias papeleiras para reciclar na casa. Para iso, podemos reutilizar unhas caixas de cartón para darlles outro uso. Co material que teñamos en casa, debemos pintar unha de amarelo (plástico), outra de marrón (orgánico) e outra de azul (papel e cartón). Así, xa teremos as nosas propias papeleiras preparadas para reciclar todo o que utilizemos na casa!

- Tamén é importante, coa situación que estamos a vivir, explicarles aos nenos e nenas que as mascarillas que utilizamos e que teñen unha vida útil dun só uso, debemos tiralas á papeleira orgánica e sempre colléndoas das gomas.

- Outra das actividades propostas é **estampar con froitas, verduras, follas...** que teñan diversas formas e estén cortadas de diferentes maneiras. Aquí tedes un exemplo! se colledes follas, non vos olvidedes que deben collese as que xa están caídas no chan!



- Por último, tamén podemos reutilizar materiais como os tapóns de plástico que temos na casa. Podemos facer unha gran variedade de manualidades moi coloridas e bonitas!

